

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA.

O **G. P. Mixto**, a iniciativa da súa deputada, **Carmen Iglesias Sueiro**, ao abeiro do establecido no regulamento desta cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo de anos en que a Oferta de Emprego Público estivo conxelada, neste 2016 a Xunta convocou numerosos procesos selectivos que se poden consultar na OPE 2016, o que supón unha oportunidade de emprego para miles de opositores que teñen as súas vidas en suspenso pendentes de poder optar a un traballo no sector público dende hai anos.

É por elo que debemos asegurarnos que estes procesos selectivos sexan extremadamente escrupulosos coa normativa garantindo o mérito e capacidade así como a transparencia e a non arbitrariedade nos tribunais de selección.

Porén, saltan as alarmas cando diversas sentenzas recentes (T.S.X Galicia nº 121/2012 do 9 de decembro de 2015; Tribunal Supremo Casación nº 2934/2014 do 26 de outubro de 2015; Tribunal Supremo Casación nº 638/2015 do 29 de febreiro de 2016) acusan aos tribunais de selección de procesos da Xunta de Galicia, de ter escapado a todo tipo de control e de ter pasado os límites da discrecionalidade técnica avaliando exames de oposición sen "criterios obxectivos" ou por "falta de motivación" das cualificacións.

Por outra banda, o sindicato CSI-F ten presentado alegación, entre outras, ao borrador do documento que están negociando as organizacións sindicais e Función Pública sobre o funcionamento dos órganos encargados de avaliar os procesos de selección para o ingreso nos diferentes corpos, escalas e grupos

profesionais, lembrando que estas negociacións levan seis anos paralizadas sen que, ata o de agora, houbera acordo entre as partes. Unha das súas propostas é a creación da figura do “Observador da legalidade” que xa foi implantada en outras administración, figura que vixiaría todo o proceso selectivo e garantiría a legalidade e bo desenvolvemento dos procesos.

Polo exposto, preséntase a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- Extremar as garantías dos principios de mérito, capacidade e igualdade no acceso á función pública das persoas aspirantes, así como a obxectividade e imparcialidade dos tribunais cualificadores con medidas que acouten a discrecionalidade técnica para evitar a indefensión dos opositores nos procesos selectivos das ofertas de emprego público dependentes da Xunta de Galicia, articulando mecanismos que minimicen as sospeitas de falta de obxectividade, transparencia e limpeza nos procesos selectivos.
- A implantar a figura dos “observadores da legalidade”.

Esta figura deberá estar formado por, a lo menos, dúas persoas, nomeadas polas organizacións sindicais máis representativas na Función Pública galega ou un por cada organización sindical das máis representativas.

A súa función sería de vixilancia en todas as probas e, sobre todo, no control da avaliación do proceso selectivo, con voz pero sen voto, podendo solicitar a anulación do mesmo e presentar os recursos que considere. Por tanto, só tería carácter fiscalizador do proceso selectivo e non formaría parte dos tribunais de selección (feito que non permite o EBEP).

Esta figura instaurarase en todos os procedementos selectivos da oferta de emprego público da Xunta de Galicia, dende este mesmo ano 2016.

Santiago de Compostela, 22 de abril de 2016

Asdo.:

Carmen Iglesias Sueiro

Vicevoceira do G.P. Mixto do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Carmen Iglesias Sueiro na data 22/04/2016 11:48:10

